

Toda familia onde haxa nenos e nenas ten que ser unha prioridade á hora de propoñer accións e medidas dende os gobernos para asegurar o seu benestar. Poñemos o foco nas familias monoparentais xa que se caracterizan porque o 80% están encabezadas por mulleres e porque a metade están sumidas en situacións de pobreza e exclusión.

No seminario expúxose e analizouse a realidade das Familias Monoparentais tanto a nivel estatal como autonómico, e en base a concreción da situación actual destas familias extraéronse propostas de inminente posta en marcha co fin de que sexan incluídas no futuro Plan de Choque Contra a Pobreza en Familias Monoparentais.

As propostas foron recollidas nos grupos de traballo que deron fin ó seminario e nos que participaron máis de 50 profesionais pertencentes a organizacións de acción social, concellos, universidades e Xunta de Galicia.

A continuación recóllense un resumo das propostas que saíron nos distintos grupos de traballo. Continúan a dividirse nas catro esferas establecidas mais, moitas das propostas son transversais a tódalas esferas polo que se pode realizar unha lectura continua das mesmas.

Todas estas propostas sumaranse ás xa expostas nun primeiro momento engadindo os matices e modificacións que propuxestes sobre estas nos grupos de traballo.

As tres primeiras de cada esfera correspóndense cas que considerastes como prioritarias.

Inclusión Social e Recoñecemento Institucional	
1	<p>Concretar unha definición de familia monoparental máis alá da recollida na Lei Galega de Familia. Proponse a definición da Rede Estatal de Entidades de Familias Monoparentais (REEFM) e a Federación de Asociacións de Nais Solteiras (FAMS) que fan distinción entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Familia monoparental, como aquela na cal só hai unha persoa proxenitora, sexa cal sexa a razón (é así de orixe, por defunción ou desaparición, perda de patria e potestade etc.) • Unidades familiares en situación de monoparentalidade, que son aquelas onde hai nenos/as con dúas persoas proxenitoras, pero en situacións como as seguintes: a garda e custodia é exclusiva dunha persoa proxenitora; a proxenitora foi vítima de violencia de xénero por parte do proxenitor ou hai ausencia temporal forzada dunha das dúas persoas proxenitoras.
2	Crear carnet de familia monoparental
3	Ampliar profesionais en servizos sociais, en concreto profesionais especializadas en familia
4	Formar e sensibilizar en perspectiva de xénero ás profesionais de servizos sociais
5	Formar e sensibilizar sobre a situación das familias monoparentais a profesionais
6	Establecer un protocolo de priorización na atención ás familias monoparentais en servizos sociais
7	Introducir a figura de mediador/a social para servir de apoio no proceso de realización de trámites a tódalas familias
8	Asegurar transporte público e acceso a equipamentos básicos (servizos sociais, centros de saúde, escolas etc.) ós nenos e nenas membros de familias monoparentais que viven no ámbito rural
9	Ampliar as accións positivas referentes á RISGA ás familias perceptoras de prestacións non contributivas do sistema de emprego
10	Atender ás familias monoparentais en situación irregular en igualdade de condicións
11	Elaborar guía informativa dos dereitos e medidas ás que se poden acoller as familias monoparentais
12	Crear unha rede de apoio e coordinación entre profesionais
13	Elaborar informes e estudos a nivel autonómico para coñecer exactamente cal é a situación real destas familias
14	Incluír na Tarxeta Benvida o acceso gratuíto a un servizo de apoio específico e de calidade por parte de profesionais como educadores/as sociais ou traballadores/as sociais
15	Mellorar a coordinación entre departamentos na Xunta (emprego, política social, saúde...)
16	Igualar os beneficios que teñen as familias numerosas ás familias monoparentais

Vivenda Accesible	
1	Establecer a figura de 'Avalista' e asegurar a posibilidade de acceder a un servizo de acompañamento social neste proceso, ben sexa facilitado pola administración ou por entidades do Terceiro Sector
2	Establecer un Parque Municipal de Vivendas ó que se teña acceso público e que as vivendas sexan accesibles
3	Regular o prezo do aluguer mediante Decreto
4	Aumentar o número de vivendas de emerxencia
5	Establecer un servizo específico de vivenda dotado de profesionais do ámbito social que acompañen nos procesos de acceso á vivenda
6	Regular que as vivendas que están en propiedade dos bancos se poñan á venda a un baixo custo
7	Promover vivendas de aluguer no rural
8	Detectar vivendas baleiras e sensibilizar da cidadanía ó respecto
9	Que a adxudicación de vivendas de protección social sexa unha realidade e o procedemento sexa áxil
10	Reactivar e mellorar do programa 'Aluga'
11	Reactivar e priorizar o programa 'Reconduce' para previr os desafiuzamentos
12	Mellora do traballo en rede entre as entidades do Terceiro Sector e os Servizos Sociais
13	Realizar análise da situación da vivenda en Galicia
14	Replicar modelos como o de 'Empty Homes Agency'
15	Sensibilizar e concienciar sobre a feminización da pobreza

Emprego e Conciliación	
1	Ampliar servizos de conciliación para a realización de tarefas da vida diaria
2	Posibilitar o acceso a cursos formativos máis prácticos que posibiliten un acceso máis áxil ó emprego así como que a figura do orientador/a laboral sexa funcional e accesible. Excedencia remunerada por fillo/a menor de 3 anos
3	Establecer a educación de 0-3 anos gratuíta Reducir a xornada por fillo/a a cargo pero obtendo o 100% do salario para homes e mulleres
4	Aumentar as baixas maternais e/ou paternais como noutros países de Europa a un ano
5	Establecer axudas en tempo para a proxenitora ou proxenitor, que as empresas conten con bolsas de horas para ausencias no emprego por causas da paternidade/maternidade
6	Reducir en trámites e axilización da concesión do Bono Concilia
7	Reducir a xornada por fillo/a a cargo pero obtendo o 100% do salario para homes e mulleres
8	Establecer a obriga ás empresas de máis de 150 traballadores/as de ter garderías e que os e as traballadoras poidan ver os seus fillos e fillas en horario laboral
9	Establecer a figura de 'Nais de Día' nos centros de traballo
10	Establecer unha maior flexibilidade de horarios nas escolas infantís
11	Crear redes de apoio entre familias, traballar nas redes de apoio
12	Establecer políticas de apoio ás empresas para favorecer a conciliación mediante incentivos económicos e desgravación

Educación e Saúde	
1	Establecer a educación infantil pública e gratuíta
2	Axilizar os pagos das axudas e bolsas
3	Establecer o enfoque de xénero en tódolos ámbitos de xeito transversal
4	Establecer un programa de bolsas de formación específico para familias monoparentais á hora de abrírlles maiores oportunidades laborais
5	Que o feito de ser familia monoparental sexa tido en consideración nos baremos de acceso a bolsas
6	Poñer en marcha un programa de formación específica permanente con enfoque de xénero e que inclúan protocolos de conciliación
7	Establecer o acceso prioritario os nenos e nenas pertencentes a familias monoparentais ás actividades de lecer así como reducir o seu coste
8	Promover e financiar espazos de autocoidado/apoio persoal e acompañamento á crianza en tódolos servizos de proximidade
9	Establecer a posibilidade de acceso inmediato das familias monoparentais á atención psicolóxica
10	Crear máis escolas infantís públicas
11	Asegurar que tódolos centros educativos teñan e poidan acollerse ós 'Contratos Programa' da Xunta e que estes funcionen durante todo o curso escolar, co fin de posibilitar que todo o alumnado teña acceso a un apoio educativo extra en caso de ser necesario
12	Posibilitar acceso a apoio psicolóxico preventivo e constante non só nas situacións de emerxencia
13	Dotar de máis recursos de atención psicolóxica ós servizos sociais
14	Que non existan as vacinas voluntarias, que entren todas pola seguridade social